

**NOTA INFORMATIVA DA CONVOCATORIA EXTERNA PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A AO SERVIZO DA EMPRESA MUNICIPAL DE AGUAS DE LA CORUÑA S.A. (EMALCSA) E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE CONTRATACIÓN.**

No día de hoxe publícase a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ás probas da convocatoria externa para a provisión dunha praza de operario/a ao servizo da Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. e creación dunha bolsa de contratación.

Tal e como se recolle nas bases, os/as aspirantes excluídos/as disporán dun **prazo de SETE días naturais**, contados a partir da data de publicación deste lista para emendar, se procede, as causas que motiven a súa exclusión e/ou presentar as súas alegacións.

Os/as aspirantes excluídos/as que, dentro do prazo sinalado, non emenden a/s causa/s de exclusión serán definitivamente excluídos/as.

Unha vez transcorrido este prazo, e analizadas as alegacións e documentación achegada, publicarase a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, e a data, hora e lugar de realización da primeira proba.

Tal e como se publicou na nota informativa de data 5/4/19, as dúbidas e/ou aclaracións que desexen formular os/as aspirantes en relación a esta convocatoria deberán realizarse a través da conta de correo electrónico: **convocatoriasempleo@emalcsa.es**

Este medio é o único polo que se atenderán estas consultas

A Coruña, a 9 de maio de 2019

Asdo. O Tribunal